

# CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS PARQUES E XARDÍNS DE COMPOSTELA (CIPX)

CENTROS EDUCATIVOS CURSO 2017/18



**ferrovial**  
servicios





**CIPX**  
Centro de Interpretación  
dos Parques e Xardíns  
de Compostela



CONCELLO DE  
SANTIAGO

**ferrovial**  
servicios



USC **IBADER**  
Instituto de Biodiversidade  
Agraria e e Desenvolvemento Rural

# PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

CENTROS EDUCATIVOS CURSO 2017/18

## OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

- Coñecemento da contorna natural
  - Interacción co mundo físico
- Boas prácticas para a conservación da natureza
  - Hábitos de vida saudables
  - Etnografía e ecoloxía
- Introducción á Botánica e á Zooloxía
  - Desenvolvemento sustentable
  - Patrimonio natural e cultural

*As acción de sensibilización ambiental serven para a divulgación dos valores e servizos que prestan as zonas verdes, parques e xardíns da cidade, para que o coñecemento dos mesmos serva para valoralos e respectalos.*

ACTIVIDADES  
EN PARQUES  
E XARDÍNS

Alameda

Bonavall

Finca do Espiño

Vista Alegre

Eugenio Granell

Belvís

Río Corgo

Río Sarela

Outros



**ferrovial**  
servicios



## DESTINATARIOS

- Profesorado e alumnado de ensino infantil, primario e secundario do municipio de Santiago de Compostela e outros municipios que o soliciten
- Profesorado e alumnado de estudos politécnicos, universitarios, educación para adultos e calquera outro nivel educativo

## DATOS TÉCNICOS

- Actividade gratuíta organizada polo Concello de Santiago de Compostela e xestionada por Ferrovial Servicios
- Forma de traballo: grupo. O número de participantes será como máximo o grupo formado pola aula, e deberán ir acompañados dun mínimo dun membro do persoal docente do Centro Educativo.
- Datas de realización: mañás lectivas do curso escolar 2017-18, que organizaranse segundo a demanda e a dispoñibilidade do monitor.
- Duración da actividade: aproximadamente hora e media, dependendo da idade dos participantes, a actividade e da distancia a percorrer.

## APUNTAMENTOS SOBRE AS ACTIVIDADES

- As actividades son gratúitas e desenvolvidas por un monitor, pero será necesaria a presenza dunha persoa responsable do Centro Escolar durante a visita.
- As solicitudes presentadas quedan pendentes de confirmación e de dispoñibilidade da data, o que se fará contactando co responsable do grupo presentado na solicitude.
- O desprazamento até o punto de partida, o retorno e o avituallamento van por conta do solicitante.
- Os participantes destas actividades ceden os dereitos de imaxe á organización, a non ser que soliciten expresamente o contrario.
- A organización resérvase o dereito de cancelar a visita por causas meteorolóxicas adversas ou outros imprevistos.

## INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES

### 1. ESCOLLE A ACTIVIDADE

### 2. ESCOLLE A DATA E HORARIO

- Mes: calendario lectivo do curso 2017-2018
- Día da semana: de luns a venres
- Horario de 9:00 a 14:00 horas

### 3. INCLÚE OS SEGUINTE DATOS

- Nome do Centro Educativo
- Nome da persoa responsable do grupo ou de contacto
- Teléfono ou enderezo electrónico
- Curso e número de participantes

### 4. PRESENTA A TÚA SOLICITUDE

- Por correo electrónico a [ilopez@ferrovial.com](mailto:ilopez@ferrovial.com) ou [parquesexardins@gmail.com](mailto:parquesexardins@gmail.com)
- Chamando ao teléfono 661 40 69 65 (Irene López)

## ITINERARIOS

### Parque da Alameda

O principal xardín de Compostela é, desde o século XIX, a zona de paseo e de lecer da cidade histórica. Conta con diferentes zonas de paseo, interesantes elementos patrimoniais e unha gran variedade botánica, con máis de 80 especies de árbores diferentes en representación da flora dos cinco continentes.

### Parque de San Domingos de Bonaval

O parque alóxase detrás do antigo convento dominico de Bonaval, fundado en 1219, e foi deseñado por Álvaro Siza en 1994. Mantén parte do seu arboredo orixinal, completado coa introdución de novas especies e a recuperación das hortas dos monxes, o antigo cemiterio e o sistema de fontes, canles e alxibes.



**ferrovial**  
servicios



### **Finca do Espiño (zona de Galeras)**

Parque inaugurado recentemente, na finca dunha vivenda erixida no 1908 que tentaba recuperar o antigo esplendor dos pazos fidalgos, tanto na súa arquitectura como nos seus xardíns, de gran riqueza botánica e zoolóxica, convertidos hoxe nun auténtico reduto de biodiversidade urbana.

### **Parque de Vista Alegre, Finca Simeón ou Casa Europa**

Esta zona verde ocupa os terreos antes ocupados pola casa dos Simeón, unha vivenda de tipo colonial construída en 1903. Ten un extenso e variado xardín de inspiración barroca, característico dos pazos galegos e que aínda conserva antigos elementos como un hórreo e un cruceiro de pedra.

### **Parque Eugenio Granell (Barrio do Paxonal)**

Atravesado polo río Sar, o parque ten diferentes ecosistemas: un bosque de ribeira moi ben conservado, unha fermosa carballeira e unha zona de xardíns poboada cunha gran variedade arbustiva e arbórea, con especies vexetais moi variadas e provenientes de diversos lugares do planeta.

### **Parque de Belvís**

Este parque ocupa a antiga zona de hortas do convento de Belvís, fundado no 1313. Ademais de labirinto de camelias, inclúe unha zona de hortas municipais na que se plantan diferentes cultivos segundo as prácticas agrícolas tradicionais e ecolóxicas. Nesta zona verde está situado o Centro de Interpretación dos Parques e Xardíns de Santiago de Compostela (CIPX).

### **Río Corgo: de Ponte Mantible a Galeras (2,5 km)**

Percorreremos varios parques do norte da cidade seguindo o percorrido do río Corgo (2,5 km.) destacando a grande variedade de flora e fauna que atoparemos polo camiño, ademais do acueduto de Ponte Mantible, o estanque do parque da Música en Compostela e o Parque de Galeras, onde o río desemboca no Sarela.

### **Río Sarela: de Galeras á Carballeira de San Lourenzo**

O río Sarela foi fundamental para o desenvolvemento da cidade e a articulación do territorio, pois se construíron nas súas beiras vivendas, pontes, regos, canais, muiños, lavadoiros e fábricas de curtidos. O sendeiro (3 km.) está sombreado pola vexetación típica das ribeiras galegas: ameneiros, bidueiros, salgueiros,...

### **Outros parques e xardíns**

Poden acordarse actividades noutras zonas verdes contactando coa organización.